



Tui, Nadal 2018

Nestas datas tan especiais quérovos enviar a miña mais sentida aperta, chea de respecto e consideración cara todos, sen excepción. Vós sodes os que lle dades sentido a cada día de existencia de Tui. Sodes os que traballades duro para sacar adiante as vosas familias e os que, en definitiva, non vos rendedes nunca, a pesar dos momentos difíciles, que todos atravesamos nalgún momento das nosas vidas.

Aínda que ás veces pode non ser fácil, pídovos que vivades con bo ánimo estes días, deixando de lado as xenreiras, é un momento para pensar nos que xa non están connosco, nos nosos maiores e nos mais pequenos das nosas casas. Todos os nosos se merecen os nosos sorrisos e cariño neste Nadal. É tempo de concordia, de solidariedade, de sacar o mellor de nós mesmos e facermos gala da bonhomía que caracteriza aos tudenses.

Bo nadal e, de corazón, os meus mellores desexos para todos de Paz, Saúde, Amor e Prosperidade para o ano 2019.

Carlos Vázquez Padín



Excmo. Concello de Tui